

A LINUGA DAS BOLBORETAS

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA:

Dirección: José Luís Cuerda.

Guión: Rafael Azcona e José Luís Cuerda , baseado en relatos do libro *Que me queres, amor?* de Manuel Rivas.

Produción: Fernando Bovaira e José Luís Cuerda.

Director de fotografía: Javier Salmones.

Montaxe: Ignacio Cayetano Rodríguez.

Música: Alejandro Amenábar.

Duración: 99 minutos.

Ano: 1999. País: España.

Intérpretes: Fernando Fernán Gómez (Don Gregorio), Manuel Lozano (Moncho "Pardal") Uxia Blanco (Rosa), Gonzalo Martín Uriarte (Ramón), Alexis de los Santos (Andrés), Guillermo Toledo (O Lis), Elena Fernández (Carmiña).

Xénero: Drama histórico.

Despois de ver a película A lingua das bolboretas investiga e responde as seguintes cuestións:

1. Fai un resumo da película (15 liñas)
2. Cres que poderíamos falar dunha película con dúas partes?
3. E cales cres ti que serían?
4. Como vive Moncho eses dous momentos?
5. O director da película sèrvese da mirada dun rapaz, dun Pardal, para nos relatar esta etapa histórica... coñeces outras películas que tamén busquen a mirada, o relato dun cativo ou cativa para contarnos unha historia?
6. Le este texto sobre a educación na II República:

A II República española, que se proclamou o 14 de abril de 1931, simbolizou a democracia e a modernidade, a liberdade, a educación e o progreso. Unha das reformas máis importantes que levou a cabo a II República foi a da ensinanza, creando unha escola pública, obrigatoria, laica e mixta. Intentouse facer do alumno o protagonista do novo proxecto pedagóxico, creando unha ensinanza moito máis participativa e activa, por exemplo, saíndo ao campo para experimentar as leccións das ciencias naturais, estimulando así, a curiosidade do alumno. Outro principio da escola republicana era o laicismo, polo que se prohibiu impartir aulas ás ordes relixiosas. Por outra banda, tamén se respectaban as diferenzas lingüísticas e os alumnos podían expresarse na súa lingua materna. Non obstante, esta aventura pedagóxica durou moi pouco e trala guerra moitos mestres foron asasinados, acusados de ateos e de corruptores de mentes.

- Que características deste tipo de educación podemos atopar no texto?
- Que novidades levou Don Gregorio á escola? Como “castigaba” aos alumnos?
- Explica coas túas propias palabras que quere dicir mixto e laico: